

**Acordo do 8 de xuño de 2022, do tribunal designado para xular o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, en relación coa defensa ante o tribunal do terceiro exercicio.**

O tribunal reuniuse o 8 de xuño de 2022 para, entre outras cuestións, fixar a data, tempo e orde para que as persoas aspirantes defendan ante o tribunal o seu terceiro exercicio, en aplicación do establecido na base 6.1.3 deste proceso de selección.

O tribunal acordou:

1. Fixar o día 17 de xuño, ás 10 horas, como data para que as persoas aspirantes fagan a defensa do seu exercicio (na sala Carballo Calero das dependencias do Parlamento).
2. Determinar que o tempo do que disporá cada aspirante para a defensa será dun máximo de 20 minutos, repartidos en 10 minutos máximos para cada unha das partes.
3. Establecer a orde na que intervirán as persoas aspirantes na defensa do seu exercicio, que será a inversa á lectura do segundo exercicio da oposición, é dicir, que comezará a defensa a persoa que leu o segundo exame en último lugar e así sucesivamente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2022